



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Via **Galicia 2015**, o programa de aceleración de empresas e emprendedores posto en marcha polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, en colaboración coa Axencia Galega de Innovación, xunto co IGAPE e as sociedades de capital-risco XesGalicia e Vigo Activo, **vén de entrar na súa fase final, coa selección de quince proxectos innovadores**, oito procedentes da sede de Lugo e sete da sede de Vigo.

A selección para pasar á fase de aceleración realizouse despois de que os responsables de 20 proxectos na sede de Lugo e outros 20 da sede olívica participasen nun **programa de capacitación (Academia)** que se desenvolveu entre os meses de outubro a decembro. Nesta fase, os proxectos recibiron mentorizaxe, tutorización e formación destinados á maduración da súa idea empresarial e rematou coas presentacións finais (pitches) dos proxectos ante o comité técnico do programa e as entidades colaboradoras nos **Demo Days** celebrados en cada unha das sedes.

Os **15 proxectos finalmente seleccionados**, que aúnan a máis de **50 emprendedores e profesionais**, recibirán un financiamento de **1.875.000 euros** en préstamos participativos e achegas a fondo perdido. Cómpre destacar a multiplicidade de sectores que abranguen, desde o sector da alimentación (Bendita Cocina, Castañam, Mercado Flotante e La Despensa del Campo), a automoción (VMS, Vehículo Motorizado Stilz) e a aeronáutica (Alfapilot), pasando polos servizos (Domestig, Peryco e BETA, Innovation for Veterinary Surgery), o tratamento de residuos (Resetea), a domótica (Nubbings) ou o deseño de novas ferramentas e aplicacións informáticas (Biwid, Oposita Test,

Twibex35 ou Phottic).

O obxectivo desta última fase será que os promotores dos proxectos constitúan as súas sociedades, dando o **salto entre o emprendemento e a empresa**. Para iso, ao longo de 6 meses, os equipos traballarán nos seus modelos de negocio no espazo de coworking do Centro de Negocios de Porto do Molle. Ademais, Vía Galicia continuará dando apoio e seguimento aos proxectos non seleccionados, xa que a súa finalidade é consolidar o máis grande número de empresas e negocios de éxito na nosa comunidade autónoma.

Todo este proceso contribúe a que Vía Galicia, que con esta chega á súa terceira edición, estea a consolidarse como un dos programas de aceleración máis potentes de España. A Axencia Galega de Innovación participa ao longo de todo o proceso de selección e desenvolvemento da aceleradora, dentro do seu marco de actuacións encamiñadas a favorecer a creación, modernización e consolidación do tecido industrial e produtivo galego.

Pode consultarse o **listado dos proxectos seleccionados**, publicado o pasado venres 30 de xaneiro, no seguinte enlace: **[PROXECTOS ACELERADORA VIAGALICIA 3ª EDICIÓN](#)**

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.